

PRECISIONS SEMANTICAS SOBRE DO EMPREGO EN  
EDAFOLOXIA DAS VERBAS "CHAN", "SOLO" E "TERRA"

Por

Santamarina Fernández, A.  
Instituto da Lingua Galega.

Díaz-Fierros V., F.  
Departamento de Edafoloxía.

Universidade de Santiago

Neste derradeiros anos, cando os problemas edafolóxicos do territorio galego escomenzaron a ser acollidos con interés nos medios habituais de difusión, encentou tamén o emprego indiscriminado e dun certo xeito anárquico, das verbas "chan", "terra" ou "solo" pra mais ou menos conceptos semellantes. Nun desexo de normalizar o uso destes tecnicismos, é polo que se fai esta aportación lexicolóxica sobre da orixe, a súa evolución comparada noutros idiomas, e derradeiramente, a solución que se pensa mais axeitada pro seu uso en galego.

A terminoloxía galega débese poñer en consonancia coa de outros idiomas románicos. E pra xustifica-la nosa proposta imos facer brevemente a historia da palabra SOLUM e por referencia a ela a das palabras concurrentes terra e chan.

Existían en latín duas palabras SOLUM, unha sustancial. Bol. Soc. Gal. Hist. Nat. Ano 1978. No 2 (99-103).

CADRO I.- Comparanza dos distintos significados que acadaron nas linguis romances, as verbas latinas "planum", "terra", "solum" e "solum". Aparecen con maiúsculas as verbas que acollerón o significado moderno do tecnicismo que é "obxecto da edafoloxía".

Latín	Castelán	Italian	Frances	Portugues	Catalan	Galego
planum	llano	piano	plain	chao	pla	chan
terra	tierra	terra	terre	terra	terra	terra
solum (por vía popular)	SUELO	SUOLO	suel	so	SOL	so
solum (por vía culta)	--	--	SOL	SOLO	--	?? (?=SOLO)
solum	solو	solo	seul	sò	sól	sò

sin dúbida a razón que fixo que non fora escollida pra aco  
ller o tecnicismo do que estamos a falar. Mais modernamen  
te, áinda, veússelle en dar con moita precisión un senso á  
verba "terra" que o alonxa mais ainda do de "obxecto da  
edafoloxía" e que é do inglés "land" pra o que a FAO (1973)  
acuñou a seguinte definición: "as terras abranguen o ambien  
te físico, incluído o clima, relevo, solos, hidroloxía e ve  
xetación na medida en que estes fan influxo sobre do poten  
cial do uso das terras".

Tocante a palabra *chan* (de PLANUM), o seu uso como  
adjectiva foi imposible que sexa habilitable pra continuar  
ampliando o seu significado como sustantivo mais alá do sen  
tido 'pavimento'.

No caso de escoller unha verba galega pra que reco  
lla o senso edafolóxico que se está a discutir eiquí vemonos  
sin dúbida entre estas duas alternativas:

- 1) Incorporar o cultismo "solo" co senso técnico dos outros  
idiomas romances.
- 2) Darllo a verba "terra", respetando o seu uso impreciso,  
mais tradicional, que se lle da en Galicia.

De ningunha das maneiras se debe manter o uso de  
"chan" con estas acepcións xa que pola sua orixe, evolución  
ou simplemente o seu senso correcto e totalmente inaxeita  
da pra siñificar o "obxecto da edafoloxía".

De entrabalasdúas alternativas propostas, coidase  
que é a primeira a mais axeitada e recomendable xa que se  
gue a evolución lóxica das linguas romances semellantes e  
non ten ningun problema de imprecisión ou homonimia, na  
mentras que a segunda, por unha parte entra en conflicto  
con sensos moi pertos da verba (xeolóxicos, astronómicos,  
etc) e pola outra prantexaría problemas co senso actual  
que se lles está a dar ás verbas sinónimas de "land" e so  
bre das que se está axuntando hoxendía importantísima do  
cumentación técnica pra unha evaluación e definición axei  
tada nos eidos da agronomía e da ordenación do territorial.

## APENDICE

### Sensos propostos pra verba "solo"

- solo:* 1. (agron. e xeol.) parte ou estrato explotado polas raíces das plantas ("solo arable", "solo forestal", "solo agrícola"). Neste sentido pode falar-se da "composición do solo", da "formación do solo", das distintas capas ou "horizontes" do solo (solo/subsolo), do "perfil do solo", etc.
2. (xeol.) parte sólida da superficie terrestre ("o relevo do solo").
3. (arqu. e inxen.) terreno onde se construe ou efílica ("a especulación do solo").
4. (popular) terreo onde se anda.

## BIBLIOGRAFIA

Brinkman, R., Smyth, A.J.- *Evaluación de tierras para fines rurales.* Proyecto Reg. FAO/PNVD RLA 70/457. Santiago (Chile) 1973.

F.A.O.- *Esquema para la evaluación de tierras.* Boletín de Suelos N°. 32. Roma, 1976.